

LOS OLVIDADOS

Luis Buñuel, 1950

1557

ESTREA EN NUMAX: 22.07.2025 | V.O. | 85 min

Jaibo é un adolescente que foxe dun correccional e se reúne no barrio cos seus amigos. Uns días despois, Jaibo mata, en presenza do seu amigo Pedro, ao rapaz que supostamente tivo a culpa de que o enviasen ao reformatorio. A partir de entón, os destinos de Pedro e Jaibo estarán traxicamente unidos.

O filme terá dúas proxeccións no ciclo 10/10. As espectadoras presentan no que, dentro da celebración do décimo aniversario da cooperativa, convidamos as dez usuarias máis habituais da sala a seleccionar e programar unha película. Neste caso o programador das sesións é Javier García Muela que nos escribiu:

«Hai moitos anos que tiven a oportunidade de ver unha retrospectiva dos filmes mexicanos de Luis Buñuel. Viña de ler “Mi último suspiro” e tan só vira “Un can andaluz”, “A idade de ouro” e “Las Hurdes”. Quizais estaba ávido por descubrir as partes mais surrealistas do seu cinema. Tras a Guerra Civil viviu nos Ánxeles e Nova York e pasou moitos anos sen dirixir ata que chegou a México. Tras dúas películas comerciais, con “Los olvidados” fixo un filme mais persoal. Recordeina polo seu tratamento dos menores nos barrios do que entón serían os suburbios de D.F., a súa crueza e a crítica social que conecta con “Las Hurdes”. O Ojitos, Jairo e Pablo máis a escena do sono, a Camila, a carne crúa... Foi estreada en 1950, non gustou moito en México. En Europa si gustou aos críticos, gañou no festival de Cannes o premio a mellor dirección e fixo que Buñuel gañase máis liberdade para facer proxectos máis persoais»



O compromiso ético no cinema mexicano

Por Jorge Ramírez López

O compromiso ético expresouse distintamente en toda a historia do cinema. Sen dúbida, a obra buñueliana está construída baixo unha visión crítica sobre os paradigmas éticos da súa época. Obras emblemáticas do cinema mexicano como *Los olvidados* (1950), *Susana* (1951), *Él* (1953) ou *Nazarín* (1959) expresaban estes fenómenos. Buñuel chega a México en 1947: os anos da Época de Ouro do cinema mexicano. A maioría das obras deste período eran películas que retrataban a estética da mexicanidade, os trazos culturais propios, o melodrama mexicano etc. Buñuel coñece ese México e namora del, pero tamén se decata doutro México. O México da negación do outro encuberto por estruturas de dominación da modernidade como o capitalismo, a sociedade patriarcal, racista, o fundamentalismo relixioso e a urbanidade que marxinaba a eses esquecidos da Cidade de México.

O cinema, para Buñuel (1958), “é capaz de arrebatarse calquera estado emocional e espiritual como ningunha outra expresión humana. Pero como ningunha outra é capaz de embrutecelo”. É dicir, o cinema é un instrumento estético e de compromiso ético cos sectores populares, pero existe tamén un cinema que xustifica ideoloxicamente as estruturas de dominación que falamos. Buñuel expón unha estética cinematográfica que vai alén dun realismo social expresado, por exemplo, polo neorrealismo italiano. Buñuel interésase máis por descubrir o que encobre ao outro(a) e utiliza todos os instrumentos posibles da linguaxe cinematográfica para aceptar ontoloxicamente a ese outro: figúralas retóricas, a sinapsis, a fantasía, o soño ou o relato.

Buñuel exhibe como a pobreza é negada material e ontoloxicamente. Buñuel achégase a este tipo de fenómenos (reais) desde un ollo crítico, ademais cunha construción de relato marabillosa e unha estrutura cinematográfica poética, lírica e onírica. Na estrea de *Los olvidados*, en México, foi criticada por un sector da elite política e social mexicana. Con todo, tamén foi recibida con eloxios polo sector intelectual mexicano: por exemplo, o muralista David Alfaro Siqueiros e o escritor Octavio Paz eran publicamente defensores desta película. Estes intelectuais ficaban cativados con esta obra pola súa veracidade da innegable problemática social e interna do México da época.

Unha achega marabillosa do cinema de Buñuel ao cinema mexicano foi o seu compromiso cos suxeitos negados, cos esquecidos: a contorna de violencia e pobreza, persoas con discapacidade, os orfos, a clase traballadora. O noso cineasta expresou, na súa obra, a preocupación por coidar a linguaxe cinematográfica como instrumento para facer arte e simultaneamente a súa preocupación por mostrar fenómenos que a elite mexicana intencionalmente non desexaban ver. Neste sentido, Buñuel non é só o mestre do cinema mexicano pola súa xenialidade literaria, cinematográfica e filosófica, senón polo seu compromiso ético coas transformacións sociais necesarias. Por estas razóns, a Época de Ouro do cinema mexicano tamén leva o seu nome e a súa indubidable herdanza. Basta con só escoitar aos grandes do cinema mexicano como Gabriel Figueroa ou Arturo Ripstein que sempre expresaron a súa admiración, influencia e, sobre todo, respecto por Don Luis Buñuel Portolés.

Publicado en 35milímetros.es